

omouchoasexante

Galegolandia

Número 3

Outubro 2006

Contido:

Editorial	1
Cousas do moucho	1
DOG en castelán primeiro	2
Lingua e fútbol	2
Dúas varas de medir	2
Galegofalantes solteir@s busco	3
A Hortensia do 84	3
Discursos idénticos	3
Vacas con gheada	3
A entrevista im- posible...	4

Así non...



* Nada mudou no Concello da Coruña en materia lingüística.

* A demagogia que en tempos de lume alimentaron os de sempre

Así si...



* O bo traballo do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo.

* Google Earth rectifica e corrixe os topónimos

Editorial

O dos tradutores automáticos non me quita o sono, pero amólame, non me contraria pero si me preocupa, non me opoño pero si me gustaría que se levase doutro xeito. Coma os cogomelos ou as castañas nesta época a súa presenza parece multiplicarse. Primeiro foi o da Xunta feito no Centro Ramón Piñeiro, o mellor, máis completo, máis laborioso e o único que foi presentado, cando menos, en dúas ocasións. Seguiulle a iniciativa privada co Traduza-g, logo o Apertium da Universidade de Vigo e hai pouco o Instituto Cervantes miraba as periferias e incluía tamén tradutores na súa páxina. En realidade é o da Xunta coa novidade de que

tamén inclúe a dirección galego-castelán (por certo, quen, cando e onde se fixo?). En canto ao seu uso máis visible primeiro foi *Vieiros* aplicándoo á prensa galega, logo *La Voz* e o da Xunta (á marxe de usos non ditos e descoñecidos) está libremente ao dispor de todos os funcionarios. O resultado? Gáñase cuantitativamente galego, pérdese cualitativamente lingua.

Que a estas alturas o conselleiro da Presidencia insinúe un pacto para resolver o do topónimo A Coruña propondo a dobre forma, que se acuse de fundamentalista a quen defende a legalidade e ten do seu lado diversas



sentenzas, que isto ocorra sen que o presidente da Xunta dea unha soa palabra ao respecto e que isto ocorra cando se está a cociñar o novo estatuto de autonomía no que está por decidir o status que vai ter a lingua galega, pois a verdade é que sinala as caretas de moitos gobernantes, descobre o seu nivel político e que o tema da lingua, importar, o que se di importar, non o fai moito, se cadra máis ben pouco, quizais absolutamente nada.

Cousas do moucho

- **Cousa útil:** chámase *Biblio* e é un programiña en galego destinado a organizar as bibliotecas dos centros de ensino (pero nada se di que non se poida usar para consumo propio ☺)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepelatos/biblio/biblio.htm>




DOG en castelán primeiro 29.8.06

Velaquí as consecuencias de tanta tradución automática...

Coméntamo un moucho funcionario e seica sucede algún que outro día: a primeira hora da mañá o [DOG](#) só está dispoñible en castelán e minutos despois acaba aparecendo tamén en galego. Explicación? Moi sinxelo, o diario oficial deste país realízase en castelán e despois é traducido –automáticamente– ao galego. A imaxe negativa e lectura que disto se poden facer resultan obvias: a lingua galega

está moi lonxe de ser lingua de traballo da administración galega, está en terra de ningures máis cerca do uso simbólico que do operativo. Maniféstase como un requisito máis, unha obriga máis como pode ser o emprego do papel oficial correspondente ou o cumprimento no procedemento dos preceptivos trámites. Que ten que ser en galego está naturalizado, que haxa que agardar pola versión galega cinco, quince ou vinte minutos córrese o risco de que tamén o

acabe estando.



Lingua e fútbol 26.8.06

E finalmente perdimos o fútbol...

Lingua galega e fútbol teñen unha relación especial. Para empezar no seu momento houbo dúbidas de se tiña que ser *fútbol* ou *futbol* (por aquilo da acentuación na lingua orixinaria, que se os portugueses si a respectan...) e por aí aínda circula algún *Xerais* coa acentuación virada. Pero dicir lingua galega e fútbol é dicir *a rentes do pao*, falar de *longueiros* e *seareiros* (así con e aínda que todo quisque pronuncie *siareiros*), de *bancadas ateigadas*, de *padiolas* e de *saques dende o curruncho* grazas ás retransmisións televisivas. Aquelas primeiras con Manuel Pampín suscitando debates e discusións sobre se era deste ou destoutro equipo (aínda hoxe non se sabe moi ben de que pé coxea...). O futbol, por mal que lle pareza aos non futboleros, contribuíu ao desenvolvemento do galego, á formación do seu estándar léxico como poucos outros ámbitos. E aínda hoxe o fai o deporte en xeral, se non que llo

digam aos responsables de [Vieiros](#) que no seu intento de facer [xornalismo deportivo](#) en galego son moitos os baleiros e lagoas, sobre todo léxicas, que teñen que enfrontar (en Cataluña o groso da terminoloxía deportiva catalá asentouse a canda os xogos olímpicos do 92).

Miren se ten a súa importancia a cousa que á vista da seria ameaza de que a TVG sen quede sen o fútbol do sábado á noite, atopamos xuntos reclamando o mesmo á [Mesa](#) e ao [PP](#). Por certo, ben polo detalle da [Sexta](#), mais este moucho e moitos máis non temos aínda dixital...



Dúas varas de medir

16.9.06



Que pasaría se o Sergas lles esixise aos médicos de fóra de Galicia coñecer o galego? Pois que sería portada en *El Mundo*, editorial no *ABC*, *La Voz* montaría unha enquisa no seu web, a demagogía cotizaría á alza (lembrems o que pasou na vaga de lumes) e a conselleira tería que saír ao paso e dar explicacións. Porén, se o mesmo fai o [Ministerio de Sanidade](#) con aqueles médicos chegados de fóra que si saben algo de español pero se lles esixe un nivel medio de coñecemento, pois non pasa nada. Apenas é noticia e non se levanta unha voz máis alta ca outra.

Galegofalantes solteir@s busco 9.9.06

Non chamei; ganas non faltaron...

Ben podería ser o título dunha película non? quen sabe se o audiovisual galego nos sorprende algún día con tal cousa... O tema vén a conto porque leo n'A *Nosa Terra* desta semana o anuncio por palabras da imaxe. Omito o teléfono porque non é o importante e quen teña verdadeiro interese que merque ANT, aínda que deduzo (atención galegofalantes da zona!!!) que ben podería ser da cidade de Vigo.


Meu deus tan mal están as cousas que xa hai que pór anuncios para atopar xente que fale en galego?? Porque se

aínda fose para falar dun tema concreto, pois oe, busca ti a economistas que che expliquen ben ao xeito e sen trabar a lingua o do euríbor ese famoso e saber en que vai dar a túa hipoteca na túa lingua; ou busca ti un astrólogo que che explique o de Plutón e o que vai ser del agora... E non haberá algo máis detrás do anuncio?? ambiente familiar? xuntanzas mensuais? aberto tanto a donas coma a cabaleiros? Ui,ui,ui...

■ **Gústache falar en galego?** Unha vez ao mes xuntámonos. Ambiente familiar. Chamádeme, donas e cabaleiros, ao 986 ...

A Hortensia do 84

21.9.06



Foi no 84, causara mortos e graves destrozos de modo que aínda hoxe (máis de vinte anos despois) en moitas falas galegas falar de *Hortensia* é sinónimo de mal tempo, fortes ventos e chuvias... O nome da Hortensia perdurou na fala, este *Gordon* por sorte será cousa dun día...

Discursos idénticos 2.8.06

Escoito na radio unha representante dunha asociación de minusválidos, non estou o suficientemente esperto para quedarme co seu nome pero si para apreciar (e agradecer) a claridade coa que fala. O tema é a accesibilidade nos edificios, as barreiras arquitectónicas e as dificultades dunha gran cidade para as persoas coa mobilidade reducida. Logo duns minutos escoitándoa reparo nas semellanzas que ten o seu

discurso co da normalización da lingua. Fala de transversalidade nas actuacións, de coñecer e facer cumprir as leis, de coordinación entre as distintas administracións, da falta de previsión destas, de que xa abonda de discursos cara á galería e maior concreción e resultados. Meu deus!! discursos cuspidiños... Os minusválidos tamén teñen a *súa Callón particular* (e con mellor verba que todo hai que dicilo).

É curioso ver como as situacións que se queren mudar partindo da *desvantaxe*, do descoñecemento, dos prexuízos, da discriminación... comparten *leiv motivos*.



Vacas con gheada... 24.8.06

Seica as vacas teñen acento. Alguén se decatara tal cousa do noso animal nacional? A vaca ten dado para unha obra de Rivas, coa bandeira galega de fondo é o antídoto ante tanto touro bravo sobre fondo vermello e amarelo, e agora que o penso mesmo é obxecto dun proxecto no mesmísimo Centro Ramón Piñeiro, ese centro de investigación que

tantos cartiños de política lingüística leva consumido... Logo do refraneiro, encetarase a análise fonética da vaca galega?? convocoranse bolsas de colaboración ao respecto? cal será o perfil? será ser fillo de gandeiro un mérito ou un requisito? E o ILG? contraprogramará cun *Atlas lingüístico-bovino de Galicia*? porque seguramente non fale

igual unha cachena ca unha marela e ao mellor hainas con seseo ou con gheada...

O tema certamente que se presta...



A última

omouchoasexante
En calquera póla dunha fraga
galega, asexando sempre

Teléfono: comeza por 6
Fax: non posúo
Correo: omouchoasexante@hotmail.com

"Que os galegofalantes non sexamos
belixerantes, non quere dicir que
non sexamos xustos e esixentes"
Antón Reixa en *Volver ao rego*

<http://galegolandia.blogspot.com>

Olladas con sorna; olladas con enfado;
olladas ao exterior; olladas ao interior;
olladas escépticas; olladas esperanzadoras;
olladas que fan pensar; olladas para
esquecer; olladas interrogantes; olladas
declarativas; olladas exclamativas; olladas
ao ar; olladas desde a terra; olladas de
resignación; olladas de resistencia; olladas
que non entenden; olladas que non se
explican.

Porque os "chascarrillos" son moitos e non
todo vai ser perder falantes...

Entrevista imposible...

Dille algo a data 16 de setembro de 2005?

Pois non, agora mesmo non.

É a data de publicación do seu nomeamento no DOG...

Ahh certo, si debe ser...

Un parto demasiado longo, non?

Coma case todo na Administración...

Había xente que nin o quería nin o cría...

Alá eles... Agora supoño que xa o cren.

Aínda que sigan sen querelo... Arrepentida? Decepcionada? Farta?

Houbo tempo para acumular sensacións moi diferentes... Quedaríame coas ganas de traballar e facer cousas...

A sensación xeneralizada é que poucas cousas mudaron...

O tempo transcorrido é pouco, mais eu sinalaría as medidas tomadas no ensino, o acordo co Instituto Cervantes, o traballo co

empresariado...

Xa, pero a precariedade laboral e investigadora é a mesma, segue a haber feridas toponímicas, o PXNL está virxe...

Discrepo, o PXNL dispón de numerosas medidas que ou se está a iniciar a súa aplicación ou esta se está a estudar.

Pero non se bota en falta unha gran medida? Algo que permita albiscar un cambio de rumbo?

Ás veces as pequenas medidas do día a día resultan máis efectivas que as que ofrecen titulares aos xornais...



Marisol López Martínez

Nisto da política lingüística non hai variñas máxicas, non si?

Nin na política lingüística, nin creo que en ningún outro aspecto da vida.

Pero cantas políticas lingüísticas hai neste país? porque as consellarías do BNG aínda fan cousiñas ben interesantes...

Que eu saiba unha. Pero cadaquén é libre de facer o que entenda oportuno no seu ámbito competencial.

Méndez Romeu é o raposo que coída do galiñeiro?

Méndez Romeu é o conselleiro da Presidencia, nada máis.

Gañou ou perdeu amigos?

Nin unha cousa nin a outra. Son os mesmos.

E inimigos ou adversarios?

Igual, supoño que seguen a ser os mesmos.

Esperta polas noites con pesadelos con Callón?

Non, non [sorri], nin moito menos...